

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013588	CPI do Toural	Vilaboa	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A área de Lingua estranxeira na etapa da educación primaria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa básica na lingua estranxeira, así como o desenvolvemento e enriquecemento da conciencia intercultural do alumnado.

Os obxectivos desta área, en moitos casos, constitúen o punto de partida na aprendizaxe formal de idiomas, pátense dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira polo que, durante toda a etapa, será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos. Inclúese tamén o fomento do aprecio pola diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado co fin de que aprenda a xestionar situacións comunicativas interculturais.

Todos estes aspectos anteriormente mencionados, foron tidos en conta no momento da elaboración desta programación .

O enfoque das unidades é orientado à acción, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, fundamentadas na análise de necesidades e orientadas a tarefas e necesidades comunicativas da vida e o mundo real.

Serán unidades abordadas de forma progresiva e en espiral ao longo de todo o curso.

As unidades xiraran todas en torno a o libro "Letters from Felix. A little rabbit on a world tour"

Contextualización:

Centro: CPI O Toural

Unidades en EP: 7

Curso: 1º

Nº de alumnos: 13 (8 nenos e 5 nenas)

Contorna : rural

Instalacións: patio exterior, pabillon deportivo

Xornada escolar: 8:45 -13:45

Número de alumnas e alumnos e distribución:

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Daily routines	Establecemento de rutinas diarias(o tempo, as estacións, os días da semana , sentimentos, números, cores, saudos).	15	14	X	X	X
2	Felix visits London in Autumn	Vocabulario relacionado co outono. Comparación de celebracións típicas Halloween/ Samain. Coñecer os monumentos e parques máis significativos de Londres. Xogos, cancións e videos relacionados coa temática.	15	10	X		
3	Felix likes to eat in Paris	Vocabulario sobre a comida e bebida. Comidas típicas en Francia. Expresiones I like/ I don't like, comida saludable y no saludable. Xogos, cancións e videos relacionados coa temática.	15	10	X		
4	Felix goes to Rome in Carnival	Vocabulario sobre as prendas de vestir e o carnaval. Investigación: Celebración do carnaval en Roma. Xogos, cancións e videos relacionados coa temática.	15	10		X	
5	Felix loves El Cairo	Vocabulario sobre os obxectos, monumentos e cousas típicas do Cairo.	15	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Felix loves El Cairo	Expresións básicas: It's (big/small/new/old) Xogos, cancións e vídeos relacionados coa temática.	15	10		X	
6	Felix and his friends are in Kenia	Vocabulario sobre animais salvaxes e mascotas. Expresións sinxelas: It's a (lion), It's (colour), It has got (a long tail).Xogos, cancións e vídeos relacionados coa temática.	15	10			X
7	Felix arrives home	Vocabulario sobre la familia. Expresions This is my (mother)	10	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Daily routines	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente algunhas frases curtas e sinxelas sobre o tempo e os días da semana: di o tempo e nomea os días da semana.	TI	100
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participa na pregunta e na resposta sobre o estado de ánimo: How are you today? I'm...		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Selecciona e utiliza, de forma guiada, estratexias elementais para saudar e despedirse		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.

Contidos
- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.

UD	Título da UD	Duración
2	Felix visits London in Autumn	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece algunhas palabras habituais en textos orais breves e sinxelos sobre o tema da unidade. Acada a metade do vocabulario traballado	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias básicas nunha exposición oral sobre a comida.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	mostrar interese pola comunicación intercultural		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).

Contidos

- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
3	Felix likes to eat in Paris	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas e sinxelas sobre a comida e os gustos, usando recursos verbais e non verbais.	TI	100
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.
- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Felix goes to Rome in Carnival	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar algunhas palabras sobre as prendas de vestir. Aacada a metade do vocabulario traballado	TI	100
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre as prendas de vestir e o carnaval.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Comparar similitudes e diferenzas entre distintas linguas de forma guiada.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	Felix loves El Cairo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos sobre os obxectos, monumentos,..	TI	100
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Preguntar e responde sobre os obxectos, monumentos,..		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar de forma guiada os coñecementos e estratexias		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
6	Felix and his friends are in Kenia	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participa na pregunta e na resposta sobre os obxectos cotiáns	TI	100
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Explicar de maneira guiadaos seus progresos e dificultades		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Felix arrives home	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas sobre a familia.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica, con axuda, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de lingua estranxeira desenvolverase, neste primeiro nivel, en dúas sesións semanais de 50 minutos na aula específica da lingua estranxeira.

Nesta área buscamos un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos..., partindo sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos e realizando proxectos significativos adaptados ao seu nivel educativo.

A introdución do xogo en diferentes soportes e modalidades preséntase como un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua (xogos de tarxetas, de memoria, de adiviñar, xogos lingüísticos... ou calquera outro xogo que sirva para acadar os nosos obxectivos). Trátase de proporcionar diversión e concentración aos participantes á vez que se incorpora a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades.

Nas sesións priorizarase a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución, para facernos entender cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

O desenvolvemento das sesións levarase a cabo, normalmente, do mesmo xeito, diferenciando varios momentos

- Rutina diaria (days of the wweek, month, weather, how are you today?,...cunha duración duns 10 min.
- Parte principal: nesta fase lévanse a cabo as distintas actividades, xogos,...promoviendo situacións de comunicación oral entre todo o alumnado ou supostas. Esta fase terá unha duración aproximada de 30 minutos.
- Parte final: nesta fase farase un resumo do principal que vimos nesa sesión, recollemos os materiais e facemos a despedida. Terá unha duración aproximada de 10 min.

A distribución do alumnado será en dos grandes grupos, pero a o longo da sesión variarase segun a actividade e poderan traballar en pequeno grupo ou por parellas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais audiovisuais: vídeos de presentación de vocabulario, vídeos sobre historias breves, vídeos de cancións de temática variada..
Materiais didácticos: orais (audios, rimas e cancións), visuais (tarxetas vocabulario, posters, realia...)
Material informático: ordenador, proxector, aula virtual do centro,...
Material de traballo individual do alumnado:: material escolar diverso.
Xogos variados: xogos de mesa, xogos de tarxetas, xogos online.
Cuentos variados en lingua inglesa
Materiais e xogos multinivel

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao longo do mes de setembro farase unha avaliación inicial do alumnado para coñecer o seu nivel competencial: a súa pronunciación, a escoita e a comprensión oral e a fluidez na expresión oral (adaptada sempre ao seu nivel). Tamén se recollerán datos en relación ó vocabulario e contidos básicos xa coñecidos (cores, números, calendario...), traballado e adquirido durante os anos de EI e que nos permitirá valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso de observación directa tomarase rexistro dos datos obtidos. Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	15	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Na área da lingua estranxeira, o currículo está dividido en tres bloques diferenciados: comunicación, plurilingüismo e interculturalidade.

Cada bloque será avaliado individualmente e terán as seguintes porcentaxes:

- Bloque de comunicación: 80% (40% listening e 40% speaking)

- Bloque de plurilinguismo: 10%
- Bloque de interculturalidad: 10%

No bloque de comunicación, a competencia lingüística é clave polo que traballaremos as catro destrezas lingüísticas nas que dividimos dita competencia (listening, speaking, reading, writing) Neste primeiro curso, as dúas destrezas orais (listening and speaking) son esenciais e prioritarias e son as que serán avaliadas.

A avaliación levarase a cabo empregando táboas de indicadores) que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar. As probas orais, tanto de comprensión como de expresión oral, serán esenciais e levaranse a cabo regularmente para coñecer a evolución do alumnado nos distintos contidos da lingua estranxeira. Debido ó carácter continuo e en espiral dos contidos da área, a cualificación final coincidirá coa da terceira avaliación.

Criterios de recuperación:

Dada a característica cíclica e progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cando o alumnado non avance ao ritmo da maioría do grupo estableceremos as medidas que sexan idóneas con apoios e reforzos para que o alumnado poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante esta etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas. Para atender á diversidade coa que nos atopamos na aula utilizarase o modelo inclusivo DUA que permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación).

A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área respectando así o diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado.

Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).

Teranse en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo, nin todos procesan a información de igual xeito. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Levaranse a cabo diferentes propostas para aqueles alumnos/as que rematen as tarefas máis rápido (Fast-finishers activities).

- Alumno-axudante: poderán axudar a outros alumnos do seu grupo ou doutro grupo, coas súas actividades.
- Disposición de xogos de tarxetas de taboleiro e outros.
- English Library: poderán facer uso da biblioteca de inglés de aula.

Tamén haberá actividades preparadas para aqueles nenos que se poidan beneficiar dunha ampliación de contidos ou para os que necesiten actividades extra para reforzar os contidos xa traballados.

Por outra banda, concederáselle gran relevancia ó aumento do nivel de autonomía do alumnado é dicir, trataremos de que progresivamente o alumnado adquira un nivel de autonomía, tanto persoal como académica, axeitado á súa idade e ás súas necesidades, desenvolvendo estratexias e aplicando os recursos necesarios para enfrontarse ás aprendizaxes e ás tarefas diarias do día a día dunha forma o máis autónoma posible.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade e ser axeitados á diversidade existente na aula), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre nenos e nenas	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Consumo responsable e desenvolvemento sostible		X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Halloween	Contacontos en inglés
Conmemoracións da escola	Magosto, nadal, carnaval,...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
A temporalización programada das unidades didácticas foi axeitada. Indicador de logro: 80% do contido programado.
A participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas. Indicador de logro: escala de 1 a 4.
A porcentaxe do alumnado que supera de maneira positiva a materia de LE: o 95% do alumando debe acadar unha avaliación positiva.
O tempo útil nas sesións: acádase no 80% das sesións polo menos 40 minutos reais e útiles.
Deseño de actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado. Escala de 1 a 4.
Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade da aula. Escala de 1 a 4.

Descrición:

A avaliación será trimestral e, se non se acadase algún dos indicadores aquí fixados, levarase a cabo unha análise das posibles causas para propoñer as medidas de corrección necesarias na seguinte avaliación ou, de ser o caso, na programación do seguinte curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A temporalización prevista na programación será tamén avaliada e levarase a cabo trimestralmente. Se a temporalización non se axusta ao previsto, analizaranse as posibles causas e aplicaranse as medidas necesarias na seguinte avaliación. Se nos atopamos na terceira avaliación, incluíranse as modificacións pertinentes na programación do curso seguinte.

Existen algunhas razóns reais que se deben ter en conta á hora de analizar a temporalización: o número e duración das actividades propostas, o nivel de dificultade de ditas actividades, o interese e a motivación do alumnado, a metodoloxía que se aplica, as medidas de atención á diversidade previstas ou a existencia de efemérides

9. Outros apartados